


Edificio Reitoría
Campus de Vigo
E-36310 Vigo
Pontevedra

Tel: 986 813 590
Fax: 986 812 010

www.uvigo.es
sreitor@uvigo.es



RESOLUCIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECE UN PERMISO DE XESTACIÓN RETRIBUÍDO

Conferida a cada administración a competencia para regular un novo permiso retribuído para as funcionarias en estado de xestación, tras a entrada en vigor da disposición adicional décimosexta do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley del Estatuto Básico del Empleado Público,

E resultando claro o compromiso da Universidade de Vigo coas políticas de igualdade e o establecemento de mellores condicións para o seu persoal en xeral, e particularmente para as traballadoras en estado de xestación, considérase oportuno desenvolver a previsión legal para incluír no seu réxime xurídico este novo permiso, polo que

Ao abeiro das competencias que me outorgan a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades e os Estatutos da Universidade de Vigo é consultada a representación social

ESTA REITORÍA RESOLVEU: establecer un permiso retribuído para as traballadoras da Universidade de Vigo en estado de xestación, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo, ata a data do parto. No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data do parto.

Vigo, 24 de febreiro de 2016



Salustiano Mato de la Iglesia